

Por que é perigoso e ultraconservador o transxenerismo que está a entrar na escola e como afecta a nenos, nenas e adolescentes

Dun tempo para acá están a se difundir a través de protocolos, normativas e materiais creados baixo a presión do lobby transactivista uns contidos ultraconservadores contrarios á educación racional baseada na ciencia e aos principios da educación en igualdade entre mulleres e homes. Aínda que estes contidos se presentan baixo a aparencia da innovación, da inclusión da diversidade e da ampliación dos dereitos humanos, en realidade trátase de crenzas acientíficas que nada teñen que ver coas necesidades do escaso número de nenos, nenas e adolescentes que mostran nalgún momento síntomas de disforia ou incongruencia de xénero durante o seu crecemento e que requiren de acompañamento profesional e atención especializada.

En realidade, promóvense ideas e orientacións profundamente sexistas e homófobas, ao considerar que as nenas e os nenos que se expresan con liberdade e que non responden a estereotipos tradicionais poden habitar corpos equivocados. Isto é especialmente grave na adolescencia, pola súa gran exposición ás redes sociais e a contidos dixitais. Moitos destes contidos indúcenlles a crer que os seus malestares e dúbidas, propios do crecemento e a maduración sexual, pero tamén das presións sociais por encaixar en modelos mediáticos e irreais, se poden “solucionar” bloqueando a puberdade, administrando hormonas cruzadas e, en última instancia, mutilando os seus corpos. Isto ocorre en gran medida cando as rapazas e os rapaces experimentan e descubren os seus desexos e orientacións sexuais. É un gran retroceso social que cheguen a sentir que algo anómalo ocorre cos seus corpos ou cos seus desexos. Unha escola progresista non pode contribuír a iso sen reflexionar sobre o impacto dos contidos que agora está obrigada a transmitir, como alertamos [o pasado 22 de febreiro nunha rolda de prensa](#) organizada xunto coa Confluencia Movemento Feminista da que formamos parte.

Subscribimos a preocupación polo benestar e os dereitos da poboación menor da organización británica [Safe Schools Alliance](#) e outras organizacións internacionais que reaccionaron contra a expansión destas ideas, ante as consecuencias que xa tiveron nos seus respectivos países. Estamos a observar tamén aquí como se disparou en poucos anos o número de nenos, nenas e adolescentes que inician protocolos de transición de xénero sen que iso estea a ser motivo de

Mensaxe feminista para o profesorado e as familias



inquiétude, máis aló dalgunhas voces especializadas desde a medicina e a psicoloxía que alertan reiteradamente sobre iso sen resposta por parte das institucións.

Ante o perigo que supoñen para o alumnado as directrices que introducen as ideas transxeneristas nas escolas que agora se están propagando en España coma se se tratase de verdades contrastadas, como profesionais da educación feministas queremos lembrar ao profesorado e ás familias os seguintes puntos fundamentados na investigación:

1. Ninguén nace no corpo equivocado. Ningún corpo san debe ser medicalizado con bloqueadores da puberdade, hormonas de sexo cruzado e cirurxía, que teñen consecuencias irreversibles para a saúde e xera dependencia farmacolóxica para sempre.
2. Os nosos corpos non teñen que encaixar en ningún modelo que diten as nosas amizades, nin as redes sociais, o cinema, as series ou as persoas famosas.
3. Se unha rapaza ou un rapaz rexeitan o seu corpo, necesitan axuda e acompañamento profesional especializado para comprender o seu malestar e superalo.
4. Non existen os cerebros de mozas e de mozos. Somos iguais, o neurosexismo é unha crenza falsa e superada pola ciencia no século XXI. Non hai cousas de rapaces e cousas de rapazas.
5. A especie humana é binaria, somos homes ou mulleres. O sexo está en cada célula do noso corpo, os nosos órganos e as nosas funcións.
6. O sexo non é un espectro con variacións que toman atributos de homes e de mulleres. Existe unha ínfima porcentaxe de alteracións cromosómicas ou hormonais que dan lugar a anomalías físicas e/ou neuronais.
7. O xénero non é unha identidade. As chamadas “identidades sentidas” distintas do corpo sexuado non son reais, senón alteracións da percepción, como a anorexia.
8. O xénero é unha construción social, non é natural. Serve para atribuír roles e comportamentos distintos a mulleres e homes, para que as mulleres acepten a discriminación e o poder masculino, coma se os homes fosen máis capaces e importantes por natureza.

Mensaxe feminista para o profesorado e as familias



9. Todas as persoas, mulleres e homes, deben poder vivir a súa afectividade e sexualidade de forma libre, recíproca, respectuosa e pracenteira, sen someterse aos desexos ou esixencias doutras persoas, nin guiadas polo desexo de compracelas e sentirse aceptadas.
10. A cultura machista segue existindo e aparece baixo novos formatos, como en distintas culturas e épocas, aínda que tras máis de trescentos anos de loita, as feministas e os homes que as apoiaron lograron a igualdade de dereitos entre mulleres e homes en moitos países.
11. O feminismo loita por erradicar todas as formas de violencia contra as mulleres e as nenas do mundo, para lograr a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.
12. A violencia contra as mulleres é unha maneira de sometelas a través de múltiples formas: física, psicolóxica, económica e simbólica.
13. O capitalismo neoliberal fai mercado coa vida a través da explotación sexual e a explotación reprodutiva das mulleres con necesidades económicas a través da pornografía, a prostitución e os chamados “ventres de alugueiro”.
14. Os mesmos grupos de interese que fan crer á xente que os seus corpos necesitan hormonación e mutilación apoian a explotación sexual e reprodutiva das mulleres, aínda que o presentan como unha cuestión de libre elección. Este é o principio que quere inculcar a ideoloxía neoliberal para inducir ao consumo, mesmo ao consumo dos corpos.
15. A coeducación é a ferramenta pedagóxica para que rapazas e rapaces reciban unha educación libre de sexismo e androcentrismo, desde relacións baseadas na cooperación e o respecto e erradicando actitudes que promovan a violencia contra nenas e mulleres.

Por último, facemos un chamamento aos sindicatos e asociacións do profesorado e das familias para que se opoñan á propagación das ideas baseadas na axenda transxenerista na educación e reclamen unha atención profesional especializada para o alumnado que o necesite en calquera circunstancia. Desde DoFemCo pómonos ao seu servizo.